



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2016-2017

O Decreto 254/2012, do 13 de decembro, publicado no DOG do día 26 de decembro, regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, desenvolvido pola Orde do 12 de marzo de 2013, publicada no DOG do 15 de marzo (corrección de erros DOG do 24 de abril de 2013).

A Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, publicada no BOE número 180, do 29 de xullo, nas disposicións finais sexta e sétima, modifica o contido do apartado 2 do artigo 84 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), sinalando como criterio prioritario no proceso de admisión de alumnado a "*situación de acollemento familiar do alumno ou alumna*"; situación que xa está recollida e se barema en relación co establecido no parágrafo terceiro, letra a), do apartado 3 do artigo 9 do citado Decreto 254/2012, de 13 de decembro, e no artigo 20 da Orde de 12 de marzo 2013.

Así mesmo, a Lei 26/2015, nas mesmas disposicións finais, modifica a redacción do apartado 2 do artigo 87 da LOE, establecendo a posibilidade de incrementar ata un 10 por cento do número máximo de alumnado por aula debido ao inicio dunha medida de acollemento familiar no alumno ou na alumna, materia que tamén se regula no Capítulo VII, artigos 44 e seguintes, da Orde do 12 de marzo de 2013, en relación cos artigos 12 e 13 do Decreto 254/2012, do 13 de decembro.

Co obxecto de facilitar o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos para curso académico 2016-2017 que imparten as ensinanzas do 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de conformidade coa Disposición Derradeira Primeira da Orde do 12 de marzo de 2013, resolve ditar as seguintes



INSTRUCCIÓN:

1. Prazos do proceso de escolarización

- a. O proceso de reserva e admisión de alumnado desenvolverase nos prazos que determina a Disposición Adicional Primeira da Orde do 12 de marzo de 2013.
- b. O prazo de presentación das solicitudes de reserva para un centro de adscrición abranguerá do 1 ao 15 de febreiro de 2016, ambos incluídos.
- c. O prazo de presentación das solicitudes de admisión abranguerá do día 1 ao 29 de marzo de 2016, ambos incluídos.

2. Prazas vacantes e reserva para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

- a. Publicaranse os postos escolares vacantes en cada centro educativo conforme ás propostas da dirección dos centros públicos e da titularidade dos centros privados concertados.
- b. No 1º curso do segundo ciclo de educación infantil, no 1º curso de educación primaria e no 1º curso da educación secundaria obrigatoria, publicarase o número total de postos que correspondan por unidade ou grupo segundo o artigo 4 da Orde do 12 de marzo de 2013, informando que se reservarán 3 prazas para atender a escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

As devanditas prazas non adxudicadas, asignaranse dentro do procedemento ordinario de admisión e, se é o caso, no subsidiario¹.

- c. Non se considerarán como vacantes as prazas escolares non ocupadas polo alumnado ao que se adxudicaron, cando os proxenitores deberon desprazarse, transitoriamente, fóra do concello durante o curso, por motivos laborais debidamente acreditados mediante un certificado expedido pola correspondente administración pública ou empresa.

¹ Artigo 39.2 da Orde do 13 de Marzo de 2013.



3. Solicitudes de reserva de praza e de admisión

- a. A solicitude de reserva de praza e a solicitude de admisión de alumnado, realizaranse mediante os modelos anexo I e anexo II, respectivamente, que poderán cumprimentarse e imprimirse na *sede electrónica* da Xunta de Galicia, na dirección <https://sede.xunta.es/portada>.
- b. Tamén se poden descargar da *Guía de procedementos e servizos* da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, na dirección <http://www.xunta.es/portada>.
- c. Así mesmo poden descargarse da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na dirección <http://www.edu.xunta.es/portal/node/18048>.
- d. Os centros educativos facilitarán unha copia ás persoas interesadas que a soliciten, de forma gratuíta.

4. Formalización das solicitudes de admisión

- a. A solicitude de admisión de alumnado poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Nos demais casos requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

De constatare no expediente a separación ou divorcio dos proxenitores coa patria potestade compartida e a existencia dunha soa sinatura na solicitude, deberase requirir o/á proxenitor/a que a presentou que subsane a deficiencia ou, se é o caso, xustifique o motivo da omisión por calquera medio de proba admitido en dereito.

De existir unha discrepancia formulada expresamente por escrito polo/a proxenitor/a non asinante, non se paralizará o expediente, sen prexuízo de que os feitos se poñan en coñecemento da xefatura territorial para o seu traslado, se é o caso, ao Ministerio Fiscal.

- b. A solicitude será única. Non é posible modificar os centros relacionados nin a súa orde de prelación.



- c. A renuncia á solicitude presentada, non permite presentar unha nova, polo que a/o alumna/o deberá escolarizarse conforme ao procedemento subsidiario do Capítulo IV da Orde de admisión.

5. Escolarización en centros de adscrición

A consideración dos centros adscritos como "*centro único*" aos efectos de aplicación dos criterios de admisión abrangue unicamente ao centro adscrito e ao centro de adscrición do nivel inmediato superior².

Sinalar que terá prioridade na área de escolarización que corresponda ao domicilio ou ao lugar de traballo dalgún dos seus pais, nais ou titores legais o alumnado cuxa escolarización en centros públicos e privados concertados veña motivada por traslado da unidade familiar debido á mobilidade forzosa de calquera dos pais, nais ou titores, ou a un cambio de residencia derivado de actos de violencia de xénero³.

6. Aplicación dos criterios xerais de admisión de alumnado

- a. Aos efectos da valoración do criterio de proximidade do centro ao domicilio familiar, a certificación do padrón municipal de habitantes expedida polo órgano competente do concello, será o principal medio de acreditación das circunstancias da unidade familiar: o domicilio familiar, os membros da familia que conviven nel e a data de alta na vivenda.

Toda persoa que resida habitualmente nun concello está obrigada a inscribirse no seu padrón. Polo tanto, non se pode admitir como xustificación que a persoa alegue que está residindo no concello dende hai máis dun ano sen darse de alta no padrón⁴.

- b. Para a valoración da renda *per cápita* da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base impoñible no caso de declaración conxunta, ou á base impoñible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual.

² Artigo 8 da Orde de 12 de marzo de 2013.

³ Artigo 84.7 da LOE, redactado polo apartado sesenta e dous do artigo único da L.O. 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

⁴ Artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 430 (base imponible xeral) e 445 (base imponible do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2014.

Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 29 de febreiro de 2016.

Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) correspondente ao ano 2014, que está cifrado en 6.390,13 € anuais, con exclusión das pagas extraordinarias.⁵

- c. Para considerar o criterio de proxenitora, proxenitor ou representante legal que traballen no centro, debe existir un vínculo mediante contrato de traballo, relación funcional ou asimilada. Nos centros privados concertados, considerarase asimilada a relación das persoas socias cooperativistas e a da titularidade do centro.
- d. Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.⁶

No caso da familia formada por unha viúva ou un viúvo só debe considerarse monoparental aquela que non teña concedida unha pensión de viuvez nin os fillos/as a correspondente de orfandade. Enténdese que tanto a pensión de viuvez como a de orfandade están xeradas polo cónxuxe falecido.

7. Fase de adxudicación subsidiaria de postos escolares

- a. Ao inicio da fase de adxudicación subsidiaria de postos escolares regulada no artigo 35 e seguintes da Orde de 12 de marzo de 2013, a xefatura

⁵ Lei 22/2013 de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2014. (BOE 26 de decembro de 2013).

⁶ Artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.



territorial informará aos centros docentes das solicitudes de admisión que lles afecten.⁷

- b. Valorarase o criterio complementario aprobado polos centros solicitados como segunda opción e seguintes, sempre que estea acreditado no expediente achegado á xefatura territorial. Non obstante, poderase requirir, de forma motivada, a documentación complementaria que se estime necesaria para acreditar a circunstancia alegada, concedendo un prazo de 5 días hábiles para a súa presentación; procederase de igual xeito con calquera outro criterio a valorar.

8. Empate na puntuación

En caso de empate na puntuación, aplicaranse sucesivamente os criterios de desempate do artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013. Para os efectos da aplicación destes criterios, se a alumna ou o alumno carece de segundo apelido, o lugar deste será ocupado polo nome.

Unha vez celebrado o sorteo que establece dito artigo, o seu resultado comunicárase ás xefaturas territoriais e se publicará na páxina web desta Consellería.

9. Procedemento extraordinario de admisión

A persoa titular da xefatura territorial poderá autorizar un incremento de ata un dez por cento do número máximo de alumnos e alumnas por aula nos centros públicos e privados concertados nos casos establecidos no artigo 44 da Orde do 12 de marzo de 2013 e por inicio dunha medida de acollemento familiar no alumno ou na alumna.⁸

10. Admisión e formalización da matrícula

⁷ Artigo 86.3 da LOE, redactado polo apartado sesenta e cinco do artigo único da L.O. 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

⁸ Disposición adicional sétima da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; artigo 44 da Orde do 12 de marzo de 2013.



- a. Corresponde á dirección dos centros públicos decidir sobre a admisión de alumnado, previo informe do consello escolar.⁹

Nos centros privados concertados a decisión corresponde á súa titularidade coa participación do consello escolar.¹⁰

- b. A matrícula deberá formalizarse mediante a presentación do correspondente modelo anexo III da Orde do 12 de marzo de 2013. Estes documentos poderán descargarse dos mesmos sitios web que se sinalan no apartado 3 desta resolución.

En todo caso o sistema de xestión académica e administrativa da Consellería (XADE) tamén elaborará o formulario incluíndo o/s nome/s da/s persoa/s que asinaron a solicitude de admisión ou que xa figuren na base de datos, podendo asinalo calquera delas.

- c. Deberá presentar o formulario de matrícula o alumnado ao inicio da escolarización: 4º de educación infantil ou 1º de educación primaria. O alumnado xa escolarizado no sistema educativo, presentará o documento cando:
- Curse a ESO ou bacharelato nun centro no que ten garantía de permanencia.
 - Inicie a correspondente etapa educativa procedente dun centro adscrito, conforme ao dereito de prioridade.
 - Cambie voluntariamente de centro.
- d. Nos demais casos de cambio de etapa ou curso en educación infantil e primaria sen cambio de centro non é necesario presentar o formulario.

Santiago, 10 de febreiro de 2016

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

⁹ Artigos 127.e) e 132.n) da LOE, redactados polos apartados oitenta e oitenta e un, respectivamente, do artigo único da L.O. 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

¹⁰ Artigo 57.c) da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.